



Convenio da sanidade privada da provincia da Coruña mediación luns 6 de maio do 2024

Como xa vos comunicamos, no día de onte luns 6 de maio, tivo lugar en A Coruña a primeira das reunións coa mediación do CGRL.

Nesta primeira toma de contacto as dúas partes, sindicatos e patronal, **expuxeron diante do mediador as posturas distantes** que levaron a que a negociación desencadeara na actual situación de conflito.

As reunións van ser **o máis intensas posibles para tentar chegar a un acordo** neste mes de maio, lembrando que no caso contrario **en xuño poderíase retomar o calendario de mobilizacións**.

CIG-Saúde expuxo novamente con claridade que **o punto de partida non pode estar nos recortes**, mostrándose disposta a chegar a posibles acordos en materias significativas como a xornada, buscar solucións para que as actuais táboas salariais sexan acordes ao actual SMI (sala mínimo) e insistiu unha vez máis que os domingos deben ser retribuídos.

A **seguinte reunión terá lugar o próximo luns 13 de maio**. Nesa reunión a patronal comprometeuse a darnos **traslado dunha nova proposta** con bosquexos diferentes coa que se poida iniciar un “diálogo”.

CIG_Saúde comprometeuse a analizar a fondo esta proposta e a **traballar o máis activamente posible para acadar un bo convenio**, sendo conscientes de cales son os nosos límites para poder asinar.